

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN
PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DE PONTEVEDRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 27.05.2022 ata o 16.12.2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.4, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.



Dende a Federación se pretende mellorar o entorno laboral e as condicións de traballo a traves da formación do persoal directivo e laboral das confrarías de pescadores e das lonxas, co fin de establecer a figura da “empresa saudable” é dicir aquela entidade na que os seus integrantes colaboran na protección e promoción da saúde, na seguridade e no benestar dos/as empregados/as e na sustentabilidade do espazo de traballo, para elo se conforma o proxecto “As confrarías, organizacións saudables” que se divide en tres fases:

- Primeira fase: Difusión nas confrarías federadas das actuacións que se pretenden realizar, indicando, datas lugares e horarios, así como a forma de inscribirse nas mesmas.
- Segunda fase: Execución da “Semana saudable nas confrarías de pescadores”, no que se entregará as confrarías de material didáctico elaborado por profesionais e expertos na materia.
- Terceira fase: Celebración dunha xornada final presencial con difusión a través da rede, que terá lugar nas instalacións da sede social da Federación na que distintos profesionais exporán e debatiran sobre este tema. Das conclusións e intervencións máis salientables editarase un un resumo que será difundido a través da web da Federación.

Tamén se pretende continuar coa actualización ofimática e telemática da federación, para adaptarse ás novas tecnoloxías e así gañar competitividade ao poder facer fronte de xeito máis eficiente a calquera necesidade que puidese xurdir, para elo se pretende proceder á adquisición de material ofimático inventariable, así como a actualización e deseño da páxina web da Federación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o



recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo
(asinado dixitalmente)

